

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADES CONTINUAS NOS STANDS.


Pasapalabra na Antártida.

Photocall.

Presentación dos diferentes traballos sobre os países.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

HORA	ACTIVIDADE
9:30	• Charla sobre a Antártida
10:30	• Charla sobre a Antártida
11:00	• Actuación 6º EP
11:30	• Actuación Musical ESO
11:45	• ACTO DE INAUGURACIÓN
12:15	• Actuación EI e 1º EP
13:00	• Actuación Musical ESO
13:30	• Actuación 6º EP
14:00	• Actuación EI e 1º EP
16:30	• Actuación Musical ESO
17:00	• Actuación 6º EP
18:00	• Actuación EI e 1º EP



CPI AS MIRANDAS

Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

I FEIRA "DENDE ARES CARA AO MUNDO"

STANDS PARTICIPANTES E PAÍSES :

- ARES- CONCELLERÍA DE CULTURA E ANPA
- ANTÁRTIDA- ESO
- AUSTRALIA- 1ºEP
- BRASIL- 4ºEP
- CHINA-3ºEP
- ISRAEL-RELIXIÓN
- XAPÓN-2º EPB
- MARROCOS- 5º E 6º EP
- PORTUGAL- 4ºEI
- REINO UNIDO 6º EI E 6º EP
- UCRAÍNA- 5º EI
- MÚSICAS DO MUNDO-ESO
- LÓVA/MAIL ART- 2ºEP- A
- BIBLIOTECA/ROBÓTICA



COLABORAN :

CONCELLERÍAS DE TURISMO E
EDUCACIÓN DO CONCELLO DE
ARES.



centro de
formación e recursos

Bibliotecas
escolares
de Galicia

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN E OU



CPI AS MIRANDAS

“DENDE ARES CARA O MUNDO”

FEIRA “DENDE ARES CARA O MUNDO”

Durante o curso 2016-2017 o profesorado do CPI As Mirandas formou parte dun Plan de Formación (Pfp) contando coa colaboración tamén do persoal non docente do centro.

Dentro da formación decidiuse elaborar un proxecto de centro que partira da biblioteca escolar e ao que denominamos: “Dende Ares cara ao mundo”.

A idea consiste no estudo de diferentes países elixidos polo alumnado de cada curso ou nivel educativo relacionado co alumnado estranxeiro que hai no centro.

O emprego de novas formas de aprendizaxe integradas dentro do currículo escolar ten como resultado final a Primeira Feira do CPI As Mirandas “Dende Ares cara o mundo”.

Esta metodoloxía implica a participación activa do alumnado que tivo que investigar, planificar, cooperar; en definitiva, un novo xeito de aprender onde o alumnado é o protagonista da súa propia aprendizaxe.



ACTIVIDADES DENDE A BIBLIOTECA

Dende a biblioteca, centro neurálxico do noso CPI, repartiuse unha caixa informativa sobre cada país como punto de partida para o proxecto.

PRIMEIRA DEMOSTRACIÓN

DO TRABALLO: ENTROIDO 2017

A primeira exposición pública do traballo realizado polo alumnado foi o *Desfile do Entroido* levado a cabo polas rúas de Ares, coas vestimentas de cada país elixidas e confeccionadas polo alumnado, como podeades ver nas seguintes imaxes:



CHARLA SOBRE A ANTÁRTIDA.

JAVIER CRISTOBO



Aresán e biólogo, Director do Centro Oceanográfico de Gijón, experimentado investigador da Antártida.

É o galego que máis veces traballou no continente e o español que fixo máis mergullos de investigación. Está sempre a colaborar co noso centro impartindo videoconferencias dende a Antártida ao noso alumnado. Colabora nesta Feira no desenvolvemento de dúas charlas, cedendo material propio para o stand e é o convidado para o acto de inauguración.

ACTIVIDADE SOLIDARIA

Dentro dos eventos que se levarán a termo durante todo o día colaboraremos cunha **Actividade solidaria #unhacuraparaAdri**.

AGRADECEMENTOS

A todo o Profesorado, alumnado e persoal non docente do centro.

Ao resto da Comunidade Educativa: ANPA e Familias.

Ás Concellerías de Turismo, Cultura e Educación do Concello de Ares.

Á ANPA do CPI As Mirandas.

Ao **aresán Javier Cristobo**.